

COMPAÑÍA NACIONAL DE DANZA

HERVÉ PALITO
DIRECTOR ARTÍSTICO



AUDITORIO DE GALICIA. 2 E 3 DE OUTUBRO DE 2010 21:00 h



A Compañía Nacional de Danza foi fundada en 1979 co nome de Ballet Nacional de España Clásico, e tivo como primeiro director a Víctor Ullate.

En xuño de 1990 produciuse a incorporación de Nacho Duato como director artístico da Compañía Nacional de Danza quen permaneceu vinte anos ao fronte da formación, ata xullo de 2010.

En agosto de 2010 Hervé Palito sucedeulle como director artístico para a temporada 2010-2011.



PROGRAMA

I

AKSAK

Gentian Doda / César Aliaj

II

REMANSOS

Nacho Duato / Enrique Granados

III

GNAWA

Nacho Duato / H.Hakmoun / A. Rudolph;
J.A. Arteché / J. Paxariño; R. Abou-Khalil,
Velez, Kusur e Sarkissian

Duración aproximada: dúas horas.

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc



Hervé Palito, director artístico

Naceu en Saint Martin de Re Charente Maritime (Francia). Despois de se formar como pianista, estudou danza no Conservatorio de La Rochelle (Francia) e comezou a bailar en 1985 no Ballet de XXIème Siecle de Maurice Bejart en Bruxelas (Bélxica) e no Bejart Ballet Lausanne entre 1987 e 1993, onde foi xefe dos mestres repetidores de 1993 a 1995.

Exerceu como codirector e mestre repetidor do Aalto Ballet Theater Essen (Alemaña), asistente coreográfico do Ballet de la Comunidad de Madrid e mestre repetidor profesor de ballet para a produción *Salt* da compañía LaLaLa Human Step, dirixida por Edouard Lock en Montreal (Canadá).

Realizou a montaxe de coreografías de Maurice Bejart para o Ballet da Ópera de París, o Stuttgart Ballet (Alemaña), Staatsoper Berlín (Alemaña), Tokyo Ballet (Xapón), Aterballetto de Regio Emilia (Italia), Ballet du Rhin de Mulhouse (Francia) e para Sylvie Guillem, Altinai Asylmouratove e Konstantin Zaklinsky, en Londres. Realizou a montaxe de coreografías de Nacho Duato para o Ballet de Basilea (Suíza), Companhia Nacional de Bailado de Lisboa (Portugal), Ópera de Stockolm (Suecia).

Como profesor de danza foi invitado polo Cullbert Ballet, Bejart Ballet, Ballet Montecarlo, Staatstheater Nürnberg, Aalto Ballet Theater, Ballet de la Comunidad de Madrid, LaLaLa Human Step, Staatstheater Augsburg. Tamén foi invitado como mestre e coordinador artístico da Compañía 59° North (Suecia) nas súas xiras por EUA e Sudamérica.

Impartiu clases maxistras e talleres en diversas cidades de EUA, Corea, Francia e Uruguay.

A partir de 2001 foi profesor invitado da Compañía Nacional de Danza e desde 2002 é coordinador artístico da mesma.

En agosto de 2010, Hervé Palito foi nomeado director artístico da Compañía Nacional de Danza.

I

Aksak

Coreografía: Gentian Doda

Música orixinal: César Aliaj (Laura Oliver de la Guerra, violoncello; María Orejana Salinas, piano; Alejandro Sancho Pérez, percusión; Fernando Colás Sánchez, gravación)

Escenografía: Susana Riazuelo

Figuríns: Jaime Noel Roque de la Cruz

Deseñador de Luces: Nicolás Fischtel (A.A.I.)

Asistencia artística: Dimo Kirilov

Estrea absoluta pola Compañía Nacional de Danza, o 25 de xuño de 2010, no Teatro de la Zarzuela de Madrid.

En toda a obra está presente o termo “aksak” (palabra de orixe turca que significa coxo), un ritmo irregular, propio da música tradicional dos Balcáns, proveniente das danzas e os bailes populares primitivos.

Non se trata dunha recreación folclórica ou costumista senón dun sentimento de opresión e illamento que percorre de forma subterránea toda a obra: baixo esta tensión o home busca atopar as condicións propicias que lle permitan franquear as barreiras da razón, para chegar a algo máis elevado.

O papel do argumento na obra é de orde esencialmente estrutural, o seu contido é secundario e reducido a algúns conceptos de base onde se fai referencia ao mito da caverna de Platón.

“Aksak”, coa proporción 2/3 aplícase en todos os aspectos da obra e desempeña un papel fundamental nos procesos compositivos. Estes procesos temporais son rítmicos, melódicos, formais ou estruturais e crean en todo momento un resultado sonoro, sempre a través da sensación, elemento prioritario na creación xunto co temporal, servindo ambos de denominadores comúns destes dous mundos: danza e música.

Gentian Doda, coreógrafo

Naceu en Tirana, Albania e comezou os seus estudos de ballet na Shkolla Akademike e Baletit da súa cidade natal. En 1997 incorporouse ao Ballet da Ópera de Tirana e ao ano seguinte ao Ballet da Ópera de Bakú, capital de Azerbaiján, antiga Unión Soviética.

En 1999 trasladouse a Italia para traballar co Teatro della Arena di Verona e o Balletto di Parma. No ano 2000 ingresou no Ballet de la Comunidad de Madrid de Víctor Ullate e durante este período foi invitado por Maurice Bejart para bailar co Ballet de Laussane.

En 2003 entrou a formar parte da Compañía Nacional de Danza, na que permaneceu até a data bailando numerosos traballos de Nacho Duato, así como doutros coreógrafos de prestixio internacional.

En 2005 creou dúas coreografías para os talleres da CND: "Nuk e di" e "Korridor". "Axis" (2006) foi o seu primeiro traballo para a Compañía Nacional de Danza, ao que lle seguiu "Sin lo cual no" (2007).

O seu primeiro traballo para a CND foi "de paso" (2008) e novamente participou nos talleres coreográficos da compañía creando "Us Vs." (2009). "Aksak" é a súa segunda coreografía para a Compañía Nacional de Danza.

César Aliaj, compositor

Naceu en Tirana (Albania), e formouse musicalmente no Conservatorio con Cesk Zadeja, alumno de Shostakovitch.

Foi premiado no Festival anual de Música Contemporánea de Tirana en 1989 e posteriormente contratado ao ano seguinte como compositor do Teatro da Ópera. Continuou cos seus estudos en Atenas (Grecia) ampliándoos posteriormente no Conservatorio de Música de Xenebra onde obtivo o Primeiro Premio de Composición.

Galardoadado en 1995 no Primeiro Concurso Internacional de Composición "Emmy Hürlimann" (Fundación Paul Hindemith, Blonay, Suíza).

Cabe destacar a estrea en abril de 2005 do cuarteto L'irréversible interpretado polo cuarteto Arditti e en 2009 o encargo do Auditorio Nacional de Música coa obra *Mountain Signal* dirixida por Jean Paul Dessy (XX Aniversario Auditorio Nacional de Música).

Desde 2003 é profesor de Análise e Harmonía, e do Taller de Música Contemporánea do Conservatorio Superior de Salamanca.

Bailaríns

2 e 3 de outubro

Isaac Montllor, Michael Carter, Francesco Vecchione, Stein Fluijt, Joaquín Crespo, Daan Vervoort, Javier Monzón, Luisa María Arias, Ana M^a López Hurst, Stephanie Dalphond.

Realización de vestiario: Sastrería da Compañía

Realización de escenografía: Ateconsa, José Luis González e Alberto San Segundo.

II

Remansos

Coreografía: Nacho Duato

Música: Enrique Granados

Escenografía e figuríns: Nacho Duato

Deseño de luces: Nicolás Fischtel (A.A.I.) (Danza Oriental, Minueto, Danza Villanesca), Brad Fields (Valses Poéticos)

Estreada polo American Ballet Theater, no City Center de Nova York o 5 de novembro de 1997.

Estreada pola Compañía Nacional de Danza no Teatro de Madrid o 5 de xuño de 1998.

Remanso, sobre os *Valses Poéticos* de Granados, estreada en Nova York polo American Ballet Theater en novembro de 1997, recibiu os meirandes eloxios por parte da crítica especializada. Forza expresiva, xeometría de liñas, utilización dinámica do espazo e as formas... foron algúns dos comentarios suscitados polo traballo de Duato. A partir daquela primeira versión, o coreógrafo alongou a obra para a Compañía Nacional de Danza, coreografando nesta ocasión tres das fermosísimas danzas populares do compositor e dando lugar a este *Remansos*.

Montado sobre música de piano de Enrique Granados, e inspirado no mundo de Lorca, *Remansos* desprende enxeño, ofrecendo continuas chiscadelas ao espectador baseadas na perspicacia de seu movemento.

Enrique Granados, compositor

Naceu en Lleida, o 27 de xullo de 1867. Estudou piano en Barcelona e París. Ao longo da súa vida foi compositor, profesor e intérprete solista. A súa obra comprende fundamentalmente traballos para piano e música vocal. Incluso as súas máis temperáns creacións reflicten unha nova dirección na música española.

Inclinado cara a gustos populares, toda a súa música é dunha calidade excepcional e un orixinal estilo.

Granados morreu novo: o barco no que viaxaba foi alcanzado por un torpedo dun submarino alemán e naufragou. Aínda que logrou alcanzar un bote salvavidas, viu a súa muller afogando e tirouse de novo ao mar: ámbos os dous pereceron.

Bailaríns

2 e 3 de outubro

Lucio Vidal, Jean Philippe Dury, Clyde Archer, Inês Pereira, Liuva Horta, Kayoko Everhart.

Realización de vestiario: Sastrería da CND.

III

Gnawa

Coreografía: Nacho Duato

Música: Hassan Hakmoun / Adam Rudolph (*Gift of the Gnawa, Ma'Bud Allah*); Juan Alberto Arteche e Javier Paxariño (*Finis Africae, Carauari*); Rabih Abou-Khalil, Velez, Kusur e Sarkissian (*Nafas, Window*).

Figuríns: Luis Devota e Modesto Lomba

Deseño de luces: Nicolás Fischtel (A.A.I.)

Estreada pola Hubbard Street Dance Chicago no Joan W. and Irving B. Harris Theater for Music and Dance en marzo de 2005.

Estreada pola Compañía Nacional de Danza no Euskalduna de Bilbao, Festival Dantzaldia, o 4 de novembro de 2007.

En 1992 Nacho Duato estreou en Valencia, a súa cidade natal, *Mediterrania*, afondando nas súas raíces e as de seus antepasados, na súa complicidade co mar Mediterráneo.

En *Gnawa*, estreada pola Hubbard Street Dance Chicago en 2005, o coreógrafo continúa coa liña iniciada en *Mediterrania*, intentando transmitir, a través do movemento, a sensualidade da paisaxe, a sensibilidade dos seus habitantes... Cunha suxestiva música repleta de sons españois e norteafricanos, *Gnawa* cativa co seu fulminante poder e a súa sensual elegancia, combinando a espiritualidade e o ritmo orgánico do Mediterráneo.

* *Gnawa* é o nome que reciben en Marrocos e outros lugares do Magreb os membros dunha serie de cofradías místicas musulmanas caracterizadas pola súa orixe subsahariana e polo uso de cantos, danzas e rituais sincréticos como medios para chegar ao trance.

O termo refírese tamén ao estilo musical de reminiscencias subsaharianas practicado por estas cofradías ou por músicos que se inspiran nelas. É un dos xéneros principais do folclore de Marrocos.

Nacho Duato, coreógrafo

Naceu en Valencia. En 1980 Nacho Duato firmou o seu primeiro contrato profesional co Cullberg Ballet (Estocolmo) e, un ano despois, da man de Jirí Kylián, ingresou no Nederlands Dans Theater, compañía da que foi nomeado coreógrafo estábel, xunto a Hans van Manen e Jijí Kylián, en 1988. Polos seus éxitos como bailarín recibiu en 1987 o VSCD Gouden Dansprijs (premio de ouro da danza). A súa primeira coreografía,

Jardí Tancat (1983), con música de María del Mar Bonet, gañou o primeiro premio no Internationaler Choreographischer Wettbewerb (Concurso Coreográfico Internacional) de Colonia.

En 1995 recibiu o grao de Cabaleiro da Orde das Artes e as Letras que concede a Embaixada de Francia en España.

En 1998, o Consello de Ministros galardouno coa Medalla de Ouro ao Mérito das Belas Artes.

En abril de 2000 recibiu na Ópera de Stuttgart o Premio Benois de la Danse.

En xuño de 1990 é nomeado director artístico da Compañía Nacional de Danza.

En 2010 recibiu o premio do Círculo de Críticos de Arte en Chile así como o nomeamento á Máscara de Ouro de Moscova por *Na Floresta*. Ese mesmo ano celebrou XX anos de dirección artística coa Compañía Nacional de Danza, que deixou en xullo dese mesmo ano. A partir de xaneiro de 2011 comenza a dirixir o Ballet do Teatro Mijailovski de San Petersburgo.

Bailaríns

2 de outubro

Luisa María Arias, Isaac Montllor, Francisco Lorenzo, Kayoko Everhart, Mar Aguiló, Stein Fluijt, Francesco Vecchione, Jean Philippe Dury, Inês Pereira, Marina Jiménez, Clyde Archer, Ana López, Stephanie Dalphond, Joel Toledo.

3 de outubro

Luisa María Arias, Isaac Montllor, Francisco Lorenzo, Kayoko Everhart, Mar Aguiló, Stein Fluijt, Francesco Vecchione, Joaquín Crespo, Liuva Horta, Sara Fernández, Aleix Mañé, Ana María López, Stephanie Dalphond, Michael Carter.

Realización de vestiario: Sastrería da Compañía

Realización de escenografía: Utilería da Compañía

COMPAÑÍA NACIONAL DE DANZA

Director Artístico: Hervé Palito

Bailaríns Principais:

Tamako Akiyama, Clyde Archer,
Luisa María Arias, Fernando Carrión, Jean Phillipe Dury,
Alan Falieri, Ana María López, Francisco Lorenzo, Isaac
Montllor, Lucio Vidal

Corpo de Baile:

Mar Aguiló, Michael Carter, Joaquín Crespo,
Stephanie Dalphond, Kayoko Everhart,
Sara Fernández, Stein Fluijt,
Macarena González, Liuva Horta,
Marina Jiménez, Aleix Mañé, Javier Monzón, Inês
Pereira, Joel Toledo, Francesco Vecchione,
Daan Vervoort, Soojee Watman

Coordinador Artístico: Thomas Klein

Repetidores: Yoko Taira

Pianista: Carlos Faxas

Rexidor: José Álvaro Cotillo

Fisioterapeuta: Luis Gadea

Masaxista: Mateo Martín

Directora Adxunta: Carmen Bofarull

Xefa de Comunicación e Prensa: Maite Villanueva

Axudantes Prensa: Luis Tomás Vargas, Adela Gutiérrez

Producción: Sonia Sánchez

Axudantes Producción: Cristina González, Javier
Serrano, Luis Martín Oya (*Producción en xira*)

Administración: María Jesús Tarrat (colaboración)

Axudante de Administración:

Ricardo Fausor de Castro (colaboración)

Personal: José Antonio Beguiristáin

Axudante de Personal: Mireia Bombardó

Mantemento: Ana Galán

Axudante de mantemento: M^a Rosa González

Dirección Técnica: Luis Martínez

Adxunto ao Director Técnico: Ricardo Virgós

Maquinaria: Francisco Padilla

Electricidade: Lucas González, Juan Carlos Gallardo

Audiovisuais: Jesús Santos, Pedro Álvaro

Xastrería: Ana Guerrero (*Xefa de xastrería*) Sagrario Martín, M^a del Carmen Ortega, Valeriana Bon, M^a José Urbanos

Utilería: José Luis Mora, Francisco Javier Hernández

Almacén: Reyes Sánchez

Recepción: Miguel Angel Cruz, Teresa Morató, Federico Cordero

COMPAÑÍA NACIONAL DE DANZA

Paseo de la Chopera, 4

28045 Madrid - SPAIN

Tel.: +34913545053

cnd@inaem.mcu.es

<http://cndanza.mcu.es>



Avda. Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela
Telfs.: 981 552 290 / 981 574 152 / 981 574 153
Venda telefónica: 981 571 026 / 981 573 979
Fax: 981 574 250 / 981 572 292

www.auditoriodegalicia.org
info@auditoriodegalicia.org



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Concellaría de Cultura
e Centros Socioculturais

Baixo o mecenado de:

DEPUTACIÓN DA CORUÑA



**CONSORCIO DE
SANTIAGO**